

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 29 de agosto de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicas as puntuacións provisionais da fase de concurso do proceso selectivo para o ingreso nas categorías de persoal de servizos xerais e técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría, convocado polas resolucións do 15 de decembro de 2022.*

A base oitava das resolucións da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 15 de decembro de 2022 (DOG núm. 3, do 4 de xaneiro), polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de persoal de servizos xerais e técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría, dispón que, unha vez realizada polo tribunal a baremación dos méritos achegados polos/as aspirantes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará, no *Diario Oficial de Galicia*, o anuncio da súa exposición con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nas distintas epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso.

De conformidade coa antedita base, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Primeiro. Publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) as puntuacións provisionais da fase de concurso obtidas polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dos procesos selectivos para o ingreso nas categorías de persoal de servizos xerais e técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría.

Cada aspirante poderá consultar, ademais, o detalle da puntuación obtida nas distintas epígrafes do baremo no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Segundo. De conformidade coa base oitava das resolucións do 15 de decembro de 2022, contra os resultados da baremación provisional, os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o respectivo tribunal de selección no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.



A reclamación deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberá dirixirse á sede do tribunal para os efectos de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderase implícita na resolución pola que se aproben as puntuacións definitivas da fase de concurso que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2024

María del Mar Pousa Cobas  
Directora xeral de Recursos Humanos

